



## **CONCELLO DE ORDES**

### **(A CORUÑA)**

ACTA Nº 7/2019

FOLLA Nº 1

### **ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA QUINCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

En Ordes no Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as doce horas e trinta minutos do día quince de xuño de dous mil dezanove, concorren os Concelleiros electos nas eleccións locais convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril (BOE nº 79, de data 02/04/2019), celebradas o día 26 de maio de 2.019, seguintes:

D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.  
D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.  
D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.  
D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.  
D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.  
D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.  
D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.  
D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.  
D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.  
D. PABLO VIDAL RÍOS.  
D. PAULA CASTENDA BRANCO.  
D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.  
D<sup>a</sup>. ALBA REGOS MATA.  
D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.  
D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.  
D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.  
D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Os Concelleiros asistentes que constitúen a maioría absoluta dos Concelleiros electos, concorren á sesión en número de dezasete co obxecto de celebrar sesión pública de constitución do novo Concello conforme ao disposto nos arts. 195 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño (LOREG).

### **FORMACIÓN DA MESA DE IDADE. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN LOCAL**

Declarada aberta a sesión, procédese a constituír a Mesa de Idade, integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, e da que será Secretario o que o sexa da Corporación, segundo dispón o art. 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño (LOREG), quedando constituída a Mesa de Idade por D. José Manuel Mira Gómez, Concelleiro asistente de maior idade, como Presidente; D<sup>a</sup>. Yessica López Varela, Concelleira de menor idade e D. Juan Luis Gonzáles Iglesias, Seretario Xeral da Corporación.

Seguidamente, o Sr. Secretario da lectura ás disposicións aplicables á constitución dos novos Concellos, entre elas as contidas no art. 195 da LOREG.

Procédese a continuación polos membros da Mesa de Idade á comprobación das credenciais presentadas.



# CONCELLO DE ORDES

---

## (A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2019

FOLLA Nº 2

Encontradas conformes ditas credenciais o Sr. Presidente da Mesa de Idade **DECLARA CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL** polos seguintes membros:

### 1. Partido Popular.

D. José Luís Martínez Sanjurjo.  
D<sup>a</sup>. Ana María Soneira Liñares.  
D. José Manuel Mira Gómez.  
D. Abel Blanco Viqueira.  
D<sup>a</sup>. Yessica López Varela.  
D. José Manuel Rodríguez Méndez.  
D<sup>a</sup>. Susana García Gómez.  
D. Pablo Vázquez Candal.  
D. José Antonio Cabeza Fraga.

### 2. Bloque Nacionalista Galego.

D. Pablo Vidal Ríos.  
D. Paula Castenda Branco.  
D. Gonzalo Veiras Carneiro.

### 3. Unión por Ordes.

D<sup>a</sup>. Alba Regos Mata.  
D. Manuel Iglesias Vieites.  
D. Marcos Fernández Louro.

### 4. Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

D. Fernando Viqueira Nouche.  
D<sup>a</sup>. Carmen María Ferreiro Villaverde.

Unha vez constituída a Corporación, para tomar posesión dos seus cargos, os Srs. Concelleiros, deben dar cumprimento ó Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (en relación co art. 108.8 da LOREG), procedendo a prestar xuramento/promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de **CONCELLEIRO DO CONCELLO DE ORDES** con lealdade a el Rei, e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, facéndoo ante tódolos presentes, en primeiro lugar os membros da Mesa de Idade e seguidamente pola orde en que figuran nas certificacións da Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela.

### ELECCIÓN DO ALCALDE

Acto seguido, o Sr. Secretario de orde do Sr. Presidente da Mesa de Idade, procede a dar lectura ás normas reguladoras da elección do Alcalde contidas no art. 196 da LOREG.

Os Concelleiros que encabezan as correspondentes listas, que se presentan como candidatos para o cargo de Alcalde, son os seguintes:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2019

FOLLA Nº 3

- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE, (**Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, PSdeG-PSOE**).
- D. JOSE LUIS MARTINEZ SANJURJO, (**Partido Popular, PP**).

Solicita a palabra o Sr. Pablo Vidal Ríos, (**Bloque Nacionalista Galego, BNG**), que sinala que en primeiro lugar quere agradecer o apoio dos case mil cincocentos veciños que nas pasadas eleccións municipais decidiron dar o apoio á candidatura do BNG, que os levaron a ser a segunda forza política deste concello, pero con tres edís o que resulta evidente é que é insuficiente para poder afrontar o reto de gobernar con seriedade este concello. O que si que lles encomendou a veciñanza foi liderar a oposición ao goberno municipal, que é unha labor que xa dende o primeiro día van a levar a cabo. Van a facer unha oposición como viñeron facendo ao longos destes anos dende un punto de vista construtivo presentando propostas e alternativas, pero tamén sendo serios e contundentes á hora de fiscalizar ao goberno municipal e tamén denunciar as súas falcatruadas. Como non obtiveron representación suficiente para afrontar ese reto de gobernar este concello, o que van a facer é liderar a oposición. Baixo estas premisas non van a presentar candidatura á alcaldía de Ordes neste pleno

Seguidamente, procédese á votación das candidaturas presentadas, mediante votación ordinaria a man alzada, realizándose por orde decrecente de cada un dos candidatos, co seguinte resultado:

- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE, (**Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, PSdeG-PSOE**).

Votos a favor: 2.

Votos en contra: 12.

Abstencións: 3.

- D. JOSE LUIS MARTINEZ SANJURJO, (**Partido Popular, PP**),

Votos a favor: 9.

Votos en contra: 5.

Abstencións: 3.

En consecuencia, sendo dezasete o número legal de Concelleiros desta Corporación Local e tendo obtido os votos da maioría absoluta (9) do número legal de concelleiros (17), é proclamado electo o concelleiro que encabeza a lista correspondente ao Partido Popular, **D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SAJURJO**, manifestando o Sr. Presidente da Mesa de Idade que queda proclamado Alcalde-Presidente do Concello de Ordes, facéndolle entrega do bastón de mando.

Aceptado o cargo e prestado xuramento/promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE-PRESIDENTE con lealdade a el Rei e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, D. José Luís Martínez Sanjurjo pasa a ocupar a Presidencia.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2019

FOLLA Nº 4

Cumprido o obxecto da convocatoria da presente sesión, o Sr. Alcalde toma a palabra para dirixir unhas palabras á nova Corporación e público asistente ao acto, que se transcriben a continuación:

“Alcalde de Ordes, mandato 1983-1987, Don Manuel Antonio Viqueira Vereá. Alcalde de Ordes, cinco mandatos consecutivos 1987 a 2007, Don Teodosio Martino Martino. Concelleiras e concelleiros aquí presentes, que nos acompañades hoxe, e formastes parte desta corporación municipal. Concelleiras e concelleiros de Ordes que hoxe tomastes posesión do cargo, funcionarios e persoal municipal, medios de comunicación aquí presentes, e oíntes de Radio Ordes que nos escoitan polas ondas. Familias dos concelleiros e concelleiras, veciñas e veciños: Bos días a todas e a todos, moitas grazas por participar en esta sesión. Grazas, en primeiro lugar, pola vosa asistencia a este acto de toma de posesión da Corporación Municipal de Ordes e da elección do Alcalde para a lexislatura 2019-2023, un mandato ao que nos enfrontaremos a retos e a oportunidades de envergadura, aos que trataremos de responder con traballo, con ilusión, con rigor, con honestidade e con absoluta transparencia. Falo en todos os casos, de valores que moitos aprendemos desde pequenos, nas nosas casas, das nosas familias; valores compartidos pola inmensa maioría da veciñanza de Ordes á que, desde xa, me comprometo a servir coa dedicación e coa intensidade que o noso Concello merece e necesita. O Concello non é do alcalde nin dos concelleiros; é una institución da xente, que xestiona recursos públicos, que son de todas e todos; nós, somos administradores temporais obrigados a render contas da nosa xestión. Comeza un mandato ilusionante no que, en primeiro lugar, cómpre dicir grazas. Agradecemento ao inmenso caudal de confianza que articulou una maioría absoluta que fará máis doada a acción de Goberno, non tanto en beneficio propio, senón a prol de todas as veciñas e veciños. O Dito e Feito, da pasada campaña electoral, que tan ben entendeu a nosa veciñanza, ten que seguir a ser o fin principal dos nosos actos e feitos, do noso modo de actuar, falar facendo, un lema Dito e Feito que nos guiou e que por sempre nos guiará, pois sei certamente que a ningún de nos xamais se nos vai volver a esquecer. E agradecemento, por suposto, a cantos lexitimamente optaron por opción políticas diferentes, porque esa é precisamente a esencia de democracias avanzadas como a española. Nese espírito reitero que serei o alcalde de todas e todos os ordenses, dos que me votaron e dos que non, porque por riba das opcións ideolóxicas ou das afinidades persoais se sitúa a procura do ben común que marcará cada día do meu traballo e do de cantos me acompañarán nesta tarefa. Aos grupos da oposición ofrezco lealdade institucional e man tendida, porque por riba das nosas diferenzas se sitúa o interese supremo de Ordes. Agardo e desexo que así sexa, comprometo dende xa o meu empeño en esa tarefa de articular e coordinar unha interlocución fluída e exemplar en beneficio de todos. Así como no pasado fomos quen de chegar a acordos que redundaron en beneficio da veciñanza, agardo e desexo que no futuro inmediato sexamos quen de reeditar pactos beneficiosos para Ordes. Un aforismo atribuído a Winston Churchill sinala que o político se converte en estadista cando comeza a pensar nas próximas xeracións e non nas próximas eleccións. Fariamos ben, goberno por suposto, pero tamén a oposición, en aplicarnos este principio, superar tentacións curtopracistas e remar sempre na procura de novas metas de progreso e estabilidade para Ordes. Son moitos, como dicía, os retos aos debemos facer fronte decontado. Temos pendente a aprobación provisional e definitiva do PXOM, un documento fundamental para asegurar o presente e o futuro de Ordes; un desafío no que convido a participar á totalidade da Corporación na procura do mellor para Ordes e a súa xente. Na lexislatura que rematou, e malia as dificultades por todos coñecidas como o fráxil equilibrio de forzas cun grupo municipal do PPdeG en minoría, fomos quen de dar resposta satisfactoria a carencias e problemas enquistados que algún mesmo consideraban irresolubles. Incluso fomos quen de reverter satisfactoriamente unha situación económica e financeira lastrada das débedas contraídas no pasado, e que



## **CONCELLO DE ORDES**

---

### **(A CORUÑA)**

**ACTA Nº 7/2019**

**FOLLA Nº 5**

actualmente nos permite que nos atopemos preparados para afrontar novos retos e proxectos; e a todos eles, a pesares de gozar dende hoxe de unha maioría absoluta outorgada pola veciñanza, vos quero ofrecer a oportunidade de que todas e todos os concelleiros sexades partícipes nos vindeiros catro anos. Ningunha ou case ningunha meta resulta inalcanzable con traballo, con constancia e con ilusión, máxime cando dispoñemos de recursos e fortalezas que para si quixeran outros territorios, nomeadamente os do interior. Un dos pais da Galicia contemporánea, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao recordaba que, durante unha visita ás minas de West Virginia, nos Estados Unidos, un dos moitos galegos que traballaban alí advertiulle que non consentiría que propagase o galeguismo naquelas terras, “porque para el non había máis patria que o mundo”. “Pero fixémoslo chorar –relata Castelao- ao lembrarlle a fermosura das nosas paisaxes, a beleza dos nosos monumentos, a ledicia das nosas festas, a dozura das nosas cantigas, a sabedoría dos nosos refráns, a quentura dos nosos fogares, a bondade das nosas mulleres, a xustiza das nosas reivindicacións, a humanidade do noso espírito. E aquel terrible internacionalista acabou por confesar nos que Galicia era o mellor país do mundo”. En efecto, veciñas e veciños, vivimos no mellor país do mundo malia que ás veces non nos decatemos diso. Máis aló das hipérboles, estou seguro de que todos arelamos un Ordes mellor, e que facer de Ordes o mellor lugar do mundo é un desexo compartido por todos nos, no que insisto unha vez mais, a todos convido a participar; co seu apoio, e tamén coas súas críticas, porque tamén das críticas son necesarias e de elas se aprende, na medida en que axudan a mellorar e a corrixir o rumbo cando resulte necesario. Que así sexa. Terra nosa. Moitas grazas”.

Finalizada a intervención do Sr. Alcalde o públicoponse en pe para escoitar o himno galego.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente se levanta a sesión sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**